

**ANEXO I**

**SOLICITUDE DE ACTUACIÓNS DA SUBMEDIDA M10.22 DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS  
XENÉTICOS NA AGRICULTURA/CULTIVOS-CASTES AUTÓCTONAS 2018**

**Nº DE PROTOCOLO<sup>(\*)</sup>**

**REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**  
CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO  
A CORUÑA

Data 28/03/2018 09:36:09

ENTRADA 81 / RX 835934



<sup>(\*)</sup> A encher polo SXEA

**1.- ACTUACIÓN PROPOSTA**

“Recuperación da variedade de pemento de Padrón”

**2.- ENTIDADE SOLICITANTE**

Centro Institucional/Entidade Colaboradora:

Estación Experimental Agrícola do Baixo Miño- CIAM

Enderezo:

C. Postal:36471	Concello: Salceda de Caselas	Provincia: Pontevedra
-----------------	------------------------------	-----------------------

Telf.: 618833722	Correo electrónico: manuel.riveiro.leira@xunta.es
------------------	---

**3.- XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN PROPOSTA**

Actualmente existe un estancamiento na producción do pemento de Padrón en Galicia, a producción do pasado 2017 comercializada en Merca Madrid sufriu una contracción do 48% con respecto ao do 2015 (Merca Madrid, 2018). As causas principais desta situación son falta de competitividade e uniformidade do produto.

A pesar da orixe galega do Pemento de Padrón, actualmente a producción deste pemento en Galicia non chega nin a 1% da producción nacional (Merca Madrid, 2018), polo que pode haber marxe de crecemento sempre e cando se oferte un producto de calidade. Por outra banda, existe unha percepción por parte dos produtores dunha dexeneración das plantas de pemento de Padrón que actualmente se cultivan, describen un menor porte a planta, un pobre sistema radicular, un froito menos carnoso e cunha punxencia excesiva. Sen embargo, isto pode ser resultado dun manexo deficiente ademais dunha perda de pureza das liñas utilizadas.

Actualmente, existe no mercado variedades que se asimilan ao pemento de Padrón como son



a de Couto e a Celta (híbrido Entenza X Couto), que puideron hibridar con plantas de Padrón perdendo así a súa homoxeneidade. Afortunadamente, no Banco de Xermoplasma do CiAM existe una colección de liñas de Padrón, que poden ser utilizado para recuperar as características orixinarias do pemento de Padrón.

#### 4.- OBXECTIVOS DA ACTUACIÓN PROPOSTA

Recuperar as características orixinarias do pemento de Padrón utilizando o material do Banco de Xermoplasma do CIAM.

#### 5.- METODOLOXÍA

O plan de mellora para a recuperación das características do Pemento de Padrón, se baseará nunha selección masal simple, por partirse da base de que os caracteres estaban fixados xa na poboación de forma maioritaria e o que se ten que eliminar son aqueles caracteres indeseables orixinados pola hibridación.

No ano 2018, se realizará una valoración agronómica das características das 19 liñas de pemento de Padrón existentes no banco de xermoplasma do CIAM, cara a selección

No ano 2019, se iniciará un plan de mellora coas liñas que teñen demostrado unha maior valía agronómica e conformación no ano 2018.

#### 6.- PLAN DE DIVULGACIÓN

##### Reunións:

Ano 2019:

Reunión cos membros da IXP para presentar os resultados das probas agronómicas.

Ano 2020:

Reunión cos membros da IXP para presentar os resultados parciais do plan de mellora.